



## VII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA “BARRO 2019”

### BASES

- 1.- As presentes bases teñen por obxecto regular a participación no **VII Certame de Pintura Rápida “BARRO 2019”**, que terá lugar o día 16 de xuño de 2019.
- 2.- Poderán participar no concurso calquera persoa que o desexe inscribíndose previamente. O dereito de inscrición será gratuito.
- 3.- Inscrición: Os participantes poderán optar por calquera das seguintes canles:
  - a) Presentar instancia no Rexistro do Concello de Barro (Santo Antoniño 11 – Perdecanaí – 36194 BARRO) ata as 15:00 horas do día 14 de xuño de 2019.
  - b) A través do correo electrónico [oficinas@barro.es](mailto:oficinas@barro.es) ata as 15:00 horas do día 15 de xuño de 2019.

En calquera caso as solicitudes deberán conter os seguintes datos:

    - Nome completo do autor/a.
    - Dirección, código postal e localidade.
    - Número de teléfono de contacto.
    - DNI, pasaporte ou tarxeta de identificación.

c) O mesmo día do selado dos lenzos en horario de 09:00 ata as 11:00 horas no Concello de Barro (Santo Antoniño núm. 11 – Perdecanaí - 36194 BARRO).

4.- O estilo e a técnica é libre. A temática: calquer lugar do municipio de Barro.

5.- Cada participante presentará unha soa obra. O soporte será sobre estrutura ríxida, fondo branco, sin texturas, nin outras aplicacións previas. As dimensións mínimas serán de 50 cm por calquera dos seus lados. Non se permitirá o uso de fotografías, ordenadores, cámaras, medios ou materiais fotográficos.

6.- O material necesario para desenvolver a actividade será por conta do participante, incluíndo obrigatoriamente o cabalete para a exposición.

7.- O horario de selado dos lenzos será dende as 09:00 ata as 11:00 horas no Concello de Barro, sito en Santo Antoniño núm. 11 – Perdecanaí (36194 BARRO). Poderán selarse dous soportes pero só se entregará un para o concurso.

8.- A Organización facilitará ós participantes plano do Concello para que comuniquen a ubicación na que se atopan realizando a súa obra e así poder visitalos en calquer momento e comprobar a evolución da mesma. Así mesmo, ésta deberá realizarse **IN SITU**. Non se admitirán traballos pintados mediante foto.

As obras participantes serán entregadas ese mesmo día ó xurado no Pazo da Crega de 18:00 a 18:30 horas sin marca, sinais nin sinatura, agás as que a Organización empregará para o seu control.

9.- As obras expoñeranse no Pazo da Crega de 18:30 a 19:30 horas para a valoración do xurado.

As 20:00 horas no Pazo emitirase o fallo do xurado e realizarase a entrega de premios. Coñecidas as obras premiadas, os autores/as asinarán as mesmas en presenza dun membro da Organización.

10.- As obras non premiadas serán retiradas polos seus propietarios/as aportando o DNI ou documento acreditativo que identifique a identidade do autor e poderán ser vendidas ou subastadas no recinto unha vez rematada a entrega de premios. A comisión organizadora poñerá o máximo coidado no desenvolvemento e conservación das obras pero non se responsabiliza dos danos que poidan sufrir por causas axenas, así como tampouco se responsabiliza dos danos que poidan sufrir os/as participantes ou causar estes.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da Organización ou dos seus patrocinadores e reservase o dereito de reprodución.

Os/as participantes aceptan ser fotografiados, filmados e ceden os dereitos de imaxe á Organización para posibles arquivos ou reprodución en medios de prensa.

11.- O xurado está composto por:

- |               |   |
|---------------|---|
| - PRESIDENTE: | - D. Manuel Busto Magdalena (Pintor).   |
| - VOGAIS:     | - D. José Antonio Gago Torrado (Profesor de debuxo e teoría das artes visuais). |

- D. Francisco Rodríguez Remiseiro (Escultor).
- Dna. Teresa Pérez Benito (Representante do Concello de Barro).

- SECRETARIO: - D. Juan José Pena Barros.

12.- Establécense os seguintes premios:

- **Primer premio:** 1.000,00 € donado polo Concello de Barro.
- **Segundo premio:** 500,00 € donado por Abanca Corp. Bancaria S.A.
- **Tercer premio:** 300,00 € donado por Bar Plaza e Mesón “A Eira” (La cocina de Sergio).

- **Accesit privados:**

- 100,00 € donado por Supermercados Día e Cerámicas Oscar Gómez.
- 100,00 € donado pola Xunta de Montes de Portela.

Os premios están suxeitos á lexislación vixente e serán abonados o día do certame, unha vez rematado o mesmo.

13.- A Organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nas bases, sempre que contribua ao mellor desenvolvemento do certame. Calquera dúbida, aclaración ou reclamación presentaráselle á comisión organizadora.

14.- O certame poderá suspenderse por causas de forza maior ou por falla de asistencia mínima ó evento, previo aviso ós/ás inscritos/as ata o momento.

15.- O feito de participar neste certame supón por parte dos/as autores/as a conformidade absoluta das bases e a absoluta conformidade co fallo do xurado.

**Máis información sobre o concurso en : [oficinas@barro.es](mailto:oficinas@barro.es) ou chamando o teléfono 986 711 002.**